

VIEIROS

Edición xeral

Crónica dun congreso oteriano

Por **Marcos Valcárcel**

O historiador Marcos Valcárcel envía a **Canal Estudios Galegos** a crónica sobre o Coloquio Oteriano que apareceu tamén na *Revista das Letras* de *O Correo Galego* (15-III-2001).

- 05:17 27/03/2001

Os pasados dous e tres de marzo tivo lugar en Barcelona un importante encontro arredor da obra de ficción de don Ramón Otero Pedrayo, organizado pola Universitat de Barcelona, Fundación Otero Pedrayo e Consello da Cultura Galega, con Camilo Fernández como director e Afonso Vázquez-Monxardín como coordinador.

O Coloquio Oteriano, que contou con case un cento de asistentes, na súa maioría alumnos da universidade catalana, abriuse coa lectura dunha ponencia de don Francisco Fernández del Riego sobre don Ramón como escritor insertado na tradición europea simbolizada en Compostela, á que seguiu unha interesante disertación de Nora Catelli, profesora da Universidade de Barcelona, sobre a disolución dos xéneros literarios de ficción entre o neorromanticismo e o simbolismo, marco estético no que se pode situar con tino a obra literaria do señor de Trasalba. A seguir, a lingua de Otero Pedrayo foi abordada polos profesores Henrique Monteagudo e Rosario Álvarez Blanco. O primeiro definiu o ideal da lingua do escritor no marco das ambicións lingüísticas da Xeración Nós, preocupadas por crear un idioma nacional moderno que se abrise a todos os xéneros e posibilitase o acceso ás culturas europeas desde o galego; este obxectivo explica o seu peche consciente ás pegadas do castelán e a súa apertura ó enriquecemento do galego desde a lingua popular falada, o galego antigo e o portugués culto, coa inclusión de cultismos e permitisen afastar o galego do castelán. Rosario Álvarez destacou o interese do escritor en amosar que o galego servía para todos os usos literarios, incluída a tradución (velaí a súa tradución do *Ulysses* de Joyce), e as estratexias oterianas para lograr un estilo propio, a base dunha sintaxe oracional sinxela que parte da recorrencia, as oracións simples e coordinadas e a case absoluta ausencia de subordinadas. Resultado dese esforzo creativo é o galego de don Ramón que, como dicían os seus conveciños, "fala como un libro aberto", pero tamén "escribe como fala".

Os profesores ourensáns Xosé Ramón Quintana e Afonso Vázquez-Monxardín compartiron unha mesa redonda sobre o contexto histórico e ideolóxico do escritor. Monxardín relacionou a creación dos mitos do galeguismo e a súa propia definición política coas circunstancias históricas e sociolóxicas de finais do século XIX e comezos do XX, as pegadas do agrarismo e a emigración na Galicia da época e mesmo o impulso societario do momento que se manifestou na creación de revistas, clubs deportivos (Celta, Deportivo), grupos corais, con clara presenza do galeguismo na súa expansión (un Alexandre Bóveda mozo no fútbol ourensán, como exemplo paradigmático). Xosé R. Quintana situou a Otero como un home da súa época, a

Europa de entreguerras, que asiste a unha certa polarización social e ideolóxica e que se sitúa como un pensador e político galeguista neotradicionalista, pero non reaccionario; a concepción católica do mundo, unha certa saudade do Antigo Réxime, a valoración da Fidalguía e da Tradición e unha posición crítica fronte á modernidade serían elementos claves da súa cosmovisión ideolóxica. Na mesma liña, o catedrático de Filosofía Carlos Baliñas abordou os temas e símbolos da ficción oteriana, desveando un don Ramón simbolista e aportando cartas persoais do escritor que manifestaban o seu agradecemento ó conferenciante pola escolma do seu xornalismo e o inicio, en 1973, da publicación das súas *Obras Selectas*, reclamando o profesor Baliñas a reedición urxente por Galaxia do volume *Parladoiro*, esgotado desde aquelas datas.

Sobre a técnica e o estilo da narrativa oteriana conferenciaron Pura Salceda, doutora pola Universidade de Barcelona, e Xosé Manuel Salgado, da compostelá. Para a primeira, en Otero son temas nucleares o respecto pola individualidade e a interpretación da paisaxe galega, ata o punto de falar da creación dunha antropoxeografía na súa obra literaria. Pola súa banda, Xosé Manuel Salgado matizou a tradicional división entre narrativa culturalista e realista de Otero, que debe ser reinterpretada á luz da concepción dun macrotexto oteriano que nega a mesma existencia dos xéneros literarios e onde os elementos culturais e realistas se interrelacionan fondamente, ademais de entrecrucillarse coa súa dramaturxia ou co seu xornalismo. Salgado insistiu na querencia oteriana pola biografía, tanto na narrativa como no ensaio, definindo novelas como *Arredor de si* e *Adolescencia* como obras onde o propio escritor se proxectaba na ficción literaria.

A dramaturxia do creador de *A lagarada* foi abordada por Aurora Marco e Camilo Valdeorras. A primeira estudou o seu teatro breve, que se defíne pola súa estrutura aberta e a absoluta liberdade das súas propostas escéncias, baseadas na recorrencia e a intertextualidade. Camilo Valdeorras coincidiu, como outros autores, na disolución e hibridación dos xéneros en Otero, definíndoo como o maior dramaturgo das letras galegas, que pensaba que "comprender o mundo é comprender a alma do ser humano". Segundo este estudioso, que adaptou hai anos *A Lagarada* para o Centro Dramático Galego, o teatro oteriano, parte da cosmovisión católica e da afirmación dunha incesante arela do Alén.

A última tarde do encontro adicouse ó xornalismo de Otero, tema dunha mesa redonda que compartín con Víctor Freixanes, e así mesmo á súa poesía, sobre a que departiron Basilio Losada e Alonso Montero. Eu quixen destacar, entre outras cousas, a pluralidade de subxéneros que abrangue o xornalismo de Otero e como en moitas ocasións os seus artigos son tamén breves ensaios, bosquejos narrativos ou mesmo apontamentos con carácter dramático. Víctor Freixanes afirmou que os artigos oterianos amosan cómo o escritor cría no país, mantendo unha extrema coherencia ó longo da súa vida entre a súa ideoloxía e as súas propostas estéticas. Alonso Montero estudou a recuperación da poesía do autor de *Bocarribeira*, espallada en múltiples revistas e ata en programas de festas, mentres Basilio Losada preferiu relacionar a súa vivencia persoal coas emocións que lle suscitaron algúns poemas do autor de Trasalba. A parte científica do Coloquio pechouse cunha conferencia de Andrés Torres Queiruga sobre *A espiritualidade na obra ficcional de Otero Pedrayo*, que subliñou a súa fonda transcendencia relixiosa, froito dunha sincera devoción cristiá que, para sorpresa do ponente, non comunicou coa obra de grandes teólogos galegos como Amor Ruibal.

O Coloquio tivo ademais diversas actividades paralelas como a representación da rapsodia escénica de *O poeta asasinado (Pequeño Teatro de máscaras)* de Otero pola Aula Galega de Teatro da Universidade de Barcelona; así como un breve concerto do Coro Universitario Galego de Barcelona, dirixido por César del Caño, e a emisión da entrevista autobiográfica gravada a Otero Pedrayo pola TVE en 1975 titulada *O Señor da Palabra*, quizais o momento máis emocionante desta cita co escritor, que resume a súa vida e as súas ideas ante o xornalista Perfecto Conde poucos meses antes do seu falecemento. Os organizadores asumiron ademais a edición das actas do encontro para coñecemento xeral dos temas debatidos e ampliación da bibliografía sobre o creador de *Os Camiños da Vida*.